Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra
Departamento de Exportadores. Edificio da Lonxa– Porto de MARÍN, 36900 MARÍN (PONTEVEDRA)
CIF: G-36593606 Tfno. 886 21 30 15 gacpontevedra@gmail.com

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA XUNTA DIRECTIVA DO GALP Ría de Pontevedra

A Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra, en xuntanza celebrada o día 25 de novembro para revisar á proposta de resolución definitiva a raíz da comunicación recibida da Xefa de Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, e en aplicación da mesma, ACORDA:

1. Aprobar a PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

   a) De concesión de axudas que figura no Anexo I, por orde descendente de puntuación dos proxectos. Xúntase a valoración individualizada das condicións de selección de cada proxecto.

   b) De desestimación das axudas ás solicitudes que se indican no Anexo II, polos motivos que figuran nela.

2. Elevar a presente proposta de resolución definitiva á Consellería do Mar acompañada dunha proposta individualizada coas condicións da selección de cada proxecto, como órgano competente, por delegación, para a resolución da concesión das axudas para proxectos ao abeiro das EDLP aprobadas pola Consellería aos GALP.

3. Publicar a presente proposta de resolución definitiva coa avaliación e baremación efectuadas no taboleiro de anuncios do GALP, así como na páxina web http://mar.xunta.gal, coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

Marín a 25 de novembro de 2019
Visto e prace,

A presidenta do GALP,

35308466Q MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ (R: G36593606)

Firmado digitalmente por 35308466Q MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ (R: G36593606)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0388/PUESTO 1/36870/29012019133023, serialNumber=IDCES-35308466Q, givenName=MARIA DEL CARMEN, sn=VAZQUEZ NORES, cn=35308466Q MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ (R: G36593606), 2.5.4.97=VATES-G36593606, o=ASOC. GRUPO DE ACCION LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RIA DE PONTEVEDRA, c=ES
Fecha: 2019.11.27 15:16:52 +01'00'

Asdo. María del Carmen Vázquez Nores

A secretaria do GALP,

BESADA LORES MARIA CONSUELO - 76802898X

Firmado digitalmente por BESADA LORES MARIA CONSUELO - 76802898X
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-76802898X, givenName=MARIA CONSUELO, sn=BESADA LORES, cn=BESADA LORES MARIA CONSUELO - 76802898X
Fecha: 2019.11.27 15:18:08 +01'00'

Asdo. Consuelo Besada Lore

Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

RESPOSTA AO INFORME RECIBIDO EN RELACIÓN A DEVOLUCIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A PROXECTOS PRODUTIVOS DA SEGUNDA FASE DA CONVOCATORIA 2019 PRESENTADA POLO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

O 31 de outubro de 2019 foi devolta a proposta de resolución do GALP Ría de Pontevedra para os efectos de adecuar a mesma á legalidade vixente ou, de ser o caso, co fin de axilizar a tramitación, corrixir os erros ou defectos observados actuando de acordo co recollido no artigo 25.3 da orde de 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP).

O día 14 de novembro foi recibido neste servizo un informe remitido pola presidencia do GALP Ría de Pontevedra asinado pola persoa que ocupa a xerencia do mesmo en relación á devolución da proposta de resolución de concesión de axudas da segunda fase de 2019.

Recordámoslle que coa devolución das propostas de acordo co artigo 25.3 da orde de 21 de decembro de 2018 non se solicita informe senón a corrección e emenda da mesma pola xunta directiva do GALP como órgano competente.

O informe recibido non achega nova información que cambie o sentido da devolución, non da resposta ás cuestións plantexadas nin corrixe os defectos observados na mesma polo que a única instrución que procede é que se de cumprimento á normativa de aplicación e se recordan as obrigas do convenio asinado polo Ría de Pontevedra e a consellería do Mar: o GALP debe garantir os principios de colaboración, imparcialidade, ausencia de conflito de intereses, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Sobre o contido do informe en relación ao criterio de avaliación "promotor procedente do sector pesqueiro"

1. A orde de bases reguladoras utiliza o termo "promotor" en repetidas ocasións como sinónimo de "solicitante". En ningún caso se lle da a consideración de promotor á persoa socia nin sequera no caso de que se trate da persoa representante:

Artigo 9. Cooperación 1. Para os efectos desta orde, enténdense como proxectos de cooperación os que formulen promotores do territorio dun GALP xunto con promotores dos territorios doutros GALP galegos.

Artigo 13. Contía das axudas para investimentos produtivos. d) Nos proxectos produtivos que se amparen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis (DO L 352, do 24 de decembro), aplicaranse as porcentaxes anteriores e limitaranse a un máximo de 200.000 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.

Artigo 16. Dotación orzamentaria. 3. ... As axudas propostas por cada GALP asignaranse de conformidade co establecido no artigo 23 e, no caso de que existan sobrantes no orzamento dalgún grupo, pero sexan insuficientes para atender unha solicitude completa do promotor, ...

2. A EDLP aprobada ao GALP Ría de Pontevedra recolle (páxina 64 do documento resumo) a diferencia entre persoas e entidades sen incluir en ningún caso, entre promotores aos socios de estas últimas:

Valoraranse as características do promotor co obxecto de favorecer a cohesión social e territorial concedendo

CVE: bFpaFiSqy7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

prioridade aos proxectos promovidos por persoas ou entidades pertencentes a colectivos desfavorecidos no emprendemento e na empregabilidade.

O GALP, como instrutor do procedemento, seguindo o procedemento de verificación da creación de emprego detallado na páxina 65 da súa EDLP elaborou un modelo de *"declaración responsable do promotor"* no que recolle os casos en que as persoas físicas actúan en nome e representación dunha entidade-. O documento asinado pola representante do proxecto no que se propuxo a valoración da pertenza ao sector pesqueiro e no que o documento "declaración responsable do promotor" está asinado pola socia do proxecto que ten a relación co sector pesqueiro en nome e representación da promotora Píllaras e Ardillas SLL tal e como se pode comprobar a continuación:

COMPROMISO DO PROMOTOR DE XERACIÓN E MANTEMENTO DE EMPREGO

D./ Dona ANA KARINA ALONSO GUGIC, N.I.F. 39465790K
enderezo Rúa A Chanca Nº 6, 2ºB, en nome e representación da entidade PILLARAS Y ARDILLAS SLL, C.I.F./N.I.F. B94184702, enderezo Rúa A Chanca Nº 6, 2ºB Dena Meaño

Compre recordar novamente artigo 6.d.2º da orde de bases reguladoras de estas axudas no que se recolle o que se entende por familiares das persoas físicas do sector pesqueiro:

"Entendese por familiares aquelas persoas en cuxa unidade familiar figure alguna persoa física, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, viva ou falecida no ano inmediato anterior á data da solicitude, que sexa ou fose un/unha pescador/a, mariscador/a, acuicultor/a ou persoa traballadora en activo relacionada coa actividade pesqueira ou que traballase nese sector de forma manifesta".

Polo exposto, o criterio non é interpretable, a orde de bases reguladoras, a EDLP do GALP, a documentación que o GALP ten elaborado e utiliza na instrución do procedemento deixa claro que promotor e unha persoa física ou xurídica pero en ningún caso o socio dunha persoa xurídica que pode ser representante do promotor pero nunca ten a condición de promotora por si mesma nen sequera nos casos en que a persoa xurídica sexa unipersoal.

Reiteramos que dado que o informe da xerencia recolle que o GALP ten valorado a pertenza ao sector pesqueiro de forma errónea en outros proxectos que foron obxecto de subvención, o GALP deberá revisar as puntuacións outorgadas aos mesmos e de ser o caso se a puntuación outorgada erroneamente supuxo un incremento indebido da axuda concedida, a xunta directiva poderá propoñer o reintegro dos importes indebidamente pagados nos casos que proceda.

Sobre o exposto no informe en relación á valoración do proxecto por perito independente:

O informe pericial non consta na aplicación GALOPE asociado a este proxecto. O GALP ten de acordo coa cláusula vixésima apartado a punto 5º, a obriga de utilizar a aplicación informática GALOPE.

Sobre o exposto no informe en relación ao incremento da porcentaxe de axuda ao expediente GALP 6–137: Mesón a Lareira

O proxecto presentado ten como obxectivo principal de acordo co recollido no punto 1.4 da memoria: a *posta en marcha dun restaurante de cociña tradicional na cal ofertar e poner en valor o produto pesqueiro local procedente da pesca costeira artesanal da ría de Pontevedra*.

CVE: bFpaFiSqy7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De novo recordamos a normativa de aplicación.

O artigo 13 da orde de bases reguladoras actualmente en vigor establece en relación a posibilidade de incremento da axuda para operacións vinculadas á pesca costeira artesanal o seguinte.

b) No caso de operacións vinculadas á pesca costeira artesanal, a axuda pode incrementarse ata o 80 %. Entenderanse vinculadas á pesca costeira artesanal aquelas operacións desenvolvidas por aquelas persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo directamente actividades de pesca costeira artesanal *e aquelas operacións levadas a cabo por entidades asociativas do sector pesqueiro que desenvolvan proxectos dirixidos soamente ao sector da pesca costeira artesanal.*

A posta en marcha dun restaurante de cociña tradicional non pode considerarse unha actividade de pesca costeira artesanal nin sequera no caso de que se oferte e poña en valor o produto da pesca costeira artesanal.

A referencia a turismo mariñeiro no é aplicable. Si o GALP o considerase así no marco da diversificación, debería aplicar os criterios de selección para esta medida que lle recordamos corresponde co artigo 30 do RFEMP e establece un máximo de axuda que non excederá do 50% previsto no plan empresarial nin do importe máximo de 75.000€ por beneficiario.

A concesión de axudas en base a outras bases reguladoras e noutra comunidade autónoma non é exprapolable a este caso e soamente sería comparable no caso de que o promotor presentara a súa solicitude ao amparo da citada orde de bases reguladoras no territorio correspondente.

CONCLUSIÓNS

1. Reiterase o exposto no documento de devolución da proposta de 31 de outubro de 2019.

2. Solicitase unha nova revisión da proposta para o proxecto GALP6-138 Píllaras da Lanzada no que deberá eliminarse a puntuación indebidamente adxudicada como promotor pertencente a colectivos desfavorecidos.

3. Indicaselle que na revisión de toda a documentación tras a recepción do informe detectouse un novo erro na valoración di criterio "promotor pertencente a colectivos desfavorecidos" no proxecto GALP6-138 Píllaras da Lanzada pois advírtese que de novo o GALP confunde a figura do socio coa figura do promotor ou solicitante do proxecto adxudicando unha puntuación de 6/6 puntos a este proxecto ao ser as socias da empresa emigrantes retormadas. O GALP deberá revisar esta puntuación que non é de aplicación a unha entidade mercantil e polo tanto debe ser 0 puntos.

Recordaselle que no caso de que os proxectos teñan que ser valorados de novo, a proposta técnica deberá reflectilo propoñendo, de proceder, os cambios necesarios á xunta directiva.

A xefa do servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca
Esperanza Martínez Bouzas
Asinado dixitalmente

CVE: bFpaFiSqy7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO I: PROPOSTA DEFINITIVA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS

INVESTIMENTOS PRODUTIVOS

	I/C/CO*	Solicitante/s	NIF	Código proxecto	Denominación proxecto	Puntos	Importe gastos subvencionable solicitado por anualidades			Importe gastos subvencionables proposto por anualidades			%	Axuda proposta por anualidades e total				Minimis	Prazo execución
							2019	2020	2021	2019	2020	2021		2019	2020	2021	TOTAL	(SI/NON)	
1	I	PILLARAS Y ARDILLAS S.L.L.	B94184702	GALP 6 - 138	PILLARAS DA LANZADA	68		471.280,76 €			471.280,76 €		42%	- €	200.000,00 €		200.000,00 €	si	31/10/2020
2	I	Fernando Ruano Aguín	77412038H	GALP 6 - 135	LUAMAR: NUEVA CETÁREA Y COCEDERO DE MARICOS	61	61.200,13 €			61.200,13 €			45%	27.540,06 €			27.540,06 €	NON	31/10/2019
3	I	Sauro Martínez Durán	35324930N	GALP 6 - 137	MESÓN A LAREIRA	58		104.183,89 €			104.183,89 €		45%		46.882,75 €		46.882,75 €	SI	31/10/2020

Esta proposta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

ANEXO II: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE DESESTIMACIÓN DE AXUDAS

	I/C/CO*	Solicitante/s	NIF	Código proxecto	Denominación proxecto	Tipo de proxecto (P/NP)**	Desestimación/inadmisión/denegación. Motivo
1	I	GERPESA SOCIAL S. L.	B36545663	GALP 6 - 134	MINI RESIDENCIA A CAEIRA	P	O promotor non achega a documentación mínima e posteriormente renuncia á solicitude
2	I	GERPESA SOCIAL S. L.	B36545663	GALP 6 - 136	RESIDENCIA A CAEIRA	P	Supéranse os importe máximos que recolle a EDLP para o obxectivo estratéxico concreto en que se encadra o proxecto.
3	I	LARAMAURO SL	B94169752	GALP 6 - 139	PECHE DA TERRAZA EXTERIOR	P	O promotor non achega a documentación requirida para a instrucción do expediente.
4	I	JOSÉ NOGUEIRA GARCÍA	35277482J	GALP 6 - 140	RESTAURANTE GAELA	P	O proxecto non cumpre os requisitos para ser subvencionable.

En Marín, a 25 de novembro de 2019

BESADA LORES MARIA CONSUELO - 76802898X

Firmado digitalmente por BESADA LORES MARIA CONSUELO - 76802898X
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-76802898X, givenName=MARIA CONSUELO, sn=BESADA LORES, cn=BESADA LORES MARIA CONSUELO - 76802898X
Fecha: 2019.11.27 15:17:36 +01'00'

Asdo. Consuelo Besada

35308466Q MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ (R: G36593606)

Firmado digitalmente por 35308466Q MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ (R: G36593606)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0388/PUESTO 1/36870/29012019133023, serialNumber=IDCES-35308466Q, givenName=MARIA DEL CARMEN, sn=VAZQUEZ NORES, cn=35308466Q MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ (R: G36593606), 2.5.4.97=VATES-G36593606, o=ASOC. GRUPO DE ACCION LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RIA DE PONTEVEDRA, c=ES
Fecha: 2019.11.27 15:17:16 +01'00'

Asdo. María del Carmen Vázquez Nores